



Concello de Ortigueira

Expediente: 965//2020

Asunto: Anuncio

Departamento Interesado: CIM Concellería de Igualdade.

ANUNCIO

BASES

CONCURSO DE MICRORRELATOS DA CAMPAÑA MUNICIPAL CONTRA A VIOLENCIA E XÉNERO “*IMPLÍCATE SON AS TÚAS VECIÑAS*”

LINGUA: O microrrelato deberá remitirse escrito en lingua galega, ou castelá e deberá ser orixinal e inédito .

CONTIDO: Deberá estar baseado no rexeitamento á violencia machista e de maneira particular, na responsabilidade que temos como sociedade e veciñanza na erradicación destas condutas. No apoio que os veciños/ as debemos prestar ás mulleres que a sofren para axudarlles a saír desa situación.

Ás veces presenciamos actitudes ou accións violentas dalgún veciño cara a súa parella, ou observamos que algunha veciña presenta, sen xustificación, negróns na cara ou corpo, ou escoitamos golpes e ruidos anómalos no piso do lado e non facemos nada para axudar ou evitar a violencia.

Ás veces criticamos a decisión da nosa veciña por denunciar á sua parella e poñemos en dúbida o seu testimonio, illámola e torcémoslle a cara, en lugar de apoiála.

FORMA: Cada orixinal deberá conter un relato, conto ou, narración, cunha extensión **máxima de 180 palabras**. Só se admitirá un texto por persoa participante

CATEGORÍAS: Haberá dúas categorías:

- Xuvenil de 10 a 17 anos.
- Adulta a partir de 18 anos.

PREMIOS.-O gañador ou gañadora do relato, en cada categoría, recibirá un dispositivo electrónico portátil ou tablet.

FORMA DE PARTICIPACIÓN: Para participar é necesario enviar os microrrelatos xunto **có boletín de inscrición** ao correo cim@concellodeortigueira.com

PRAZO DE ADMISIÓN: O prazo de admisión dos microrrelatos será ata o **23 de novembro de 2020 ás 15:00 horas**.

XURADO: O xurado está formado pola concelleira de Igualdade do Concello, o persoal técnico do CIM de Ortigueira e a técnica da Biblioteca Municipal

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

VALORACIÓN: Valorarase o estilo de redacción, a mensaxe transmitida, e a utilidade do texto para a sensibilización social da veciñanza e da comunidade na prevención e erradicación da violencia de xénero.

FALLO: O fallo comunicarase ás persoas gañadoras o mércores **25 de novembro de 2020**.

O fallo farase público a través do portal web do Concello de Ortigueira <http://concellodeortigueira.gal> o 25 de novembro de 2020.

AUTORIZACIÓNS: Os microrrelatos poderán publicarse na páxina web do Concello. O Concello de Ortigueira resérvase o dereito de publicación e edición dos microrrelatos, tanto na internet como en edición impresa.

Os datos das persoas participantes serán utilizados para comunicar os premios ás persoas gañadoras e contactar coas persoas participantes.

No caso de menores de idade deberán achegar xunto co relato, folla de autorización de pai, nai ou titor/a.

A participación no concurso implica a aceptación das bases.